

## **RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 31 DE MAIO DE 2005**

Ás 10 horas en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, na Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Desculpan a súa asistencia os señores vicerreitores de Profesorado e de Infraestruturas e Xestión Ambiental e os señores Cao Abad e Núñez Sal.

### **1. INFORME DO REITOR**

O Sr. Reitor informa sobre as reunións que mantivo a subcomisión técnica no que se refire ao EEES, sinala que a situación é moi confusa nestes momentos e que o que se percibe é unha falta de modelo no Ministerio de Educación.

O Sr. Reitor dá a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa de que como xa se informou oportunamente a todo o persoal docente e investigador, desde o 10 de maio está aberta a aplicación para rexistrarse no catálogo de investigación da UDC así como para solicitar o recoñecemento como grupo de investigación, segundo o que se aprobou neste Consello de Goberno o 10 de febreiro de 2005. Os investigadores pódense inscribir a título individual, como unidades de investigación ou como grupos, neste último caso será necesaria a aprobación pola Comisión de Investigación delegada deste Consello de Goberno. O prazo finaliza o próximo 10 de setembro. A publicación do novo Catálogo de Investigación da UDC suporá a eliminación do actual, polo que todos os investigadores que desexen aparecer nel deben cubrir o correspondente formulario.

Tamén informa de que o Ministerio da Presidencia creou o “Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral” (CEPRECO), con rango de dirección xeral, cunha das súas sedes na Coruña. A súa directora dirixiuse á Reitoría para acadar a relación de investigadores que traballaran neste campo na UDC. Na reunión que mantivemos, a directora do CEPRECO manifestou que non se trata neste momento de apoiar ou financiar liñas novas de investigación de cara ao futuro, senón de aproveitar os coñecementos e potencialidades dos investigadores que están xa traballando no tema, polo que queren coñecer a nosa experiencia nestes temas desde todos os puntos de vista. O 4 de maio solicitouse, a través dos departamentos e institutos, información acerca dos investigadores ou equipos de investigación que traballaran ou estean traballando nestes temas. Toda a información que se recibiu foi enviada ao citado centro. Proximamente poñerémonos de novo en contacto con eles para coñecer as súas actuacións no futuro.

Da Dirección Xeral de I+D da Xunta de Galicia solicitaron propostas para participar na Semana da Ciencia, que se celebrará o próximo mes de novembro, simultaneamente co resto de España e Europa. Pedíronselle propostas a centros, a departamentos e a servizos. As propostas que se recibiron, tras a conformidade dos membros da Comisión de Investigación, remitíronse á DXI+D. Ademais, estanse a estudar outras actividades en colaboración coa FUAC, para as que se lle solicitará axuda ao Ministerio.

O 19 de maio reuniuse o Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. Entre os temas que se trataron hai que destacar que está en marcha un estudo das coleccións en papel das tres universidades de cara á contratación de revistas de 2006 e á optimización de recursos e ponse a disposición das tres universidades unha nova base de datos en probas (Scopus, de Elsevier) ata finais de 2006. Presenta vantaxes con respecto a outras como ISI en canto a que inclúe moitas máis revistas europeas e máis das áreas de Humanidades. En función da satisfacción dos usuarios, unha vez que remate o período de proba decidírase sobre a súa compra consorciada. Constatase unha utilización cada vez maior dos recursos electrónicos (por exemplo, se temos en conta o primeiro trimestre do ano, o número de descargas foi de 24157 en 2004 e 53411 en 2005) Se ben se avanzou en bases de datos e en revistas, hai que dar un impulso aos libros electrónicos, probablemente incrementando os recursos dispoñibles neste formato (actualmente só os hai da área de informática). A directora do Consorcio comprométese a obter información para incrementar a oferta deste recurso, cada vez máis utilizado por outras universidades españolas e estranxeiras, especialmente en acceso aberto. Neste sentido, súxírese que os servizos de publicacións das tres universidades potencien a publicación dixital e en acceso aberto. O Consorcio está realizando unha “Base de Datos de Producción Científica de Galicia”. Preténdese que recolla e sirva de medio de difusión de toda a produción científica que se xere na nosa comunidade. Actualmente xa se poden consultar no catálogo da web de Bugalicia (e-artigos de I+D Galicia) todos os artigos que foron publicados desde 1990 por membros das universidades galegas en revistas que están recollidas no ISI. Pódense obter datos como a súa posición nas áreas temáticas en que estea catalogada unha revista, o factor de impacto e o acceso directo ao texto completo se se trata dunha revista dispoñible no Consorcio. O traballo irase completando ao ir incluíndo outras revistas. Así mesmo, introduciranse os resumos das teses de doutoramento e estudarase o tema da súa inclusión a texto completo cando así o autorice o seu autor. Decidiuse a adquisición dun xestor de información a Elsevier, mais non estará operativo ata despois de setembro. Este suporá unha mellora nas posibilidades dos usuarios e incluírá o acceso desde ordenadores externos á UDC mediante o correspondente contrasinal. Por parte da ACSUGA considerouse a posibilidade de elaborar unha clasificación de revistas, tema que interesa á axencia e á Secretaría Xeral de I+D, e podería ser útil ás universidades de cara a establecer criterios a respecto, entre outros aspectos, da produción científica. Deste proxecto véñse falando desde hai case un ano, antes das acreditacións de profesorado na nosa comunidade, sen que ata agora se realizase. A directora do Consorcio estudará a viabilidade de o levar a cabo, xa sexa polo propio consorcio ou coa colaboración doutras entidades.

A publicación do Decreto de posgrao o 25 de xaneiro de 2005 derogou o decreto de terceiro ciclo, aínda que mantén o sistema de estudos actual para os que xa o iniciasen. No que respecta ao trámite de lectura da tese dáse, neste decreto, un prazo de seis meses de vixencia. Por iso, antes do 25 de xullo a Comisión de Doutoramento elaborará a normativa que se refire a este trámite, que tratará de unificarse entre as tres universidades galegas

No BOE do pasado sábado 28 de maio publicouse a Orde ECI/1520/2005, do 26 de maio, que establece o Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora, no marco do Plano Nacional de Investigación Científica,

Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2004-2007 (Programa I3). Nela establécense dúas liñas de actuación, unha primeira liña de incorporación estable, que está destinada a incentivar a ocupación de postos de traballo de carácter permanente por funcionarios e/ou contratados laborais que posúan unha traxectoria investigadora destacada e unha segunda liña de intensificación que estará destinada a incentivar o incremento da dedicación á actividade de investigación, o que favorecerá que os profesores-investigadores poidan dedicarse prioritariamente á investigación na súa universidade ou noutros centros de I+D, segundo os requisitos que están establecidos no programa. A execución do programa corresponderá ao Ministerio de Educación e ás comunidades autónomas, de acordo coas súas respectivas competencias. Estableceranse, entre as institucións, protocolos xerais de colaboración e convenios específicos que os desenvolvan.

O Sr. Reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa quen informa de que foi asinada o 4 de maio a cátedra Bioibérica-UDC, para a realización e a difusión de traballos de investigación sobre enxeñaría tisular a nivel de cartilaxe articular dentro da Área de Patoloxía Osteoarticular. Esta empresa é destacada no seu sector. A colaboración que se establece coa UDC permite incluír os médicos do Hospital Juan Canalejo que imparten terceiro ciclo na nosa institución. Tamén sinala que tivo lugar o 18 de abril unha reunión da Comisión de Avaliación e Selección de Viveiro de Empresas, que acordou que dúas das iniciativas abandonaran o viveiro, ao non estar facendo uso del e que outra o abandonara por non teren comunicado o obxectivo da iniciativa. En consecuencia, fíxose a convocatoria para ocupar as tres prazas libres, sen prexuízo de que, de se aprobar o regulamento para a admisión e permanencia das iniciativas e empresas de base tecnolóxica no viveiro de empresas, lles será de aplicación o aí disposto.

O Sr. Reitor dá a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica quen informa de que consonte a base 9ª “Competencias”, apartado 2, parágrafo primeiro das Bases de execución do orzamento de 2005, a Comisión de Asuntos Económicos nas súas reunións de 6 e 30 de maio validou expedientes de gasto e a súa correspondente imputación a créditos de 2005, de obrigas xeradas en exercicios anteriores ou no exercicio corrente por un importe global de 1.197.882,60 euros. Consonte a base 9ª “Competencias”, apartado 2, parágrafo segundo das mesmas bases, o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica imputou expedientes de gasto a créditos de 2005 de obrigas xeradas en exercicios anteriores por un importe global de 1.213.791,39 euros. A Comisión de Asuntos Económicos foi informada destas imputacións.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación quen informa de que o 20 de maio se resolveron as axudas para a realización de xornadas e simposios, ciclos de conferencias e congresos, que foron convocadas con data 7 de marzo de 2005. Tamén sinala que se publicou na web a relación de solicitantes admitidos e excluídos, que foi enviada pola Dirección Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, para cumprir o artigo 8 da Orde do 11 de marzo de 2005 (DOG do 18 de marzo), pola que se convocan axudas ás universidades galegas

para a organización de congresos, xornadas, simposios e similares. Na lista eran moitos os excluídos que pertencen á UDC, o que se debeu a unha concepción distinta do que son os ciclos de conferencias e da súa semellanza ou non coas xornadas. Despois dunha xestión do vicerreitor na Xunta de Galicia, esta acordou admitir estes solicitantes na medida en que houberse unha aproximación temporal entre as conferencias programadas e puidese afirmarse a semellanza coas xornadas. Asemade informa de que está pechado o calendario de actividades da Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Realizaranse varios cursos en colaboración coa UDC, un deles por primeira vez no Campus de Ferrol co título “Física para todos”, con ilustres conferenciantes. Convocouse o II Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras, esta vez en colaboración cos servizos de normalización lingüística das Universidades de Vigo e Santiago, que se suman á iniciativa da UDC. O premio ten como obxectivos a promoción da reflexión e a implicación da comunidade universitaria sobre a situación da nosa lingua dentro das institucións e o fomento da investigación en temas relacionados coa planificación, o apoio ao desenvolvemento das iniciativas innovadoras, e a utilización das potencialidades técnicas e científicas e os recursos lingüísticos nas tres universidades.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, que informa do inicio da avaliación docente correspondente ao segundo cuadrimestre e as materias anuais, que terá lugar entre o 30 de maio e o 10 de xullo; do inicio da avaliación externo dos servizos aprobados pola Comisión de Calidade para o ano 2005, que terá lugar ao longo do mes de xuño; da publicación na web dos primeiros documentos da guía docente da UDC, primeiro paso para a súa informatización; da instalación do radioenlace de Ferrol para o campus de Serantes, que lle dará saída a 155 Mbps a través de Bailadora, unha vez que finalicen os traballos de posta en marcha que se están a realizar; e da realización da xestión para que o cable que xa chegou ao Campus de Esteiro poida achegarse a Serantes a través doutras canalizacións previstas por outras empresas e organizacións.

A secretaria xeral informa de que, con data 24 de maio de 2005, o Reitor asinou una resolución de delegación de competencias e da sinatura no vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa que se entende debido a que o incremento dos asuntos encomendados ao reitor da universidade, unido ás funcións de representación e dirección da institución universitaria, fai necesario delegar competencias e sinatura noutros órganos universitarios, principalmente nos vicerreitores, que deben asumir en primeira instancia as decisións e asinar os actos administrativos nas materias da súa competencia, coas excepcións pertinentes e sen prexuízo do dereito de advocación do reitor en calquera momento. Por outro lado, a existencia na Universidade da Coruña do campus de Ferrol esixe unha maior delegación de competencias e sinatura na figura do seu vicerreitor, co fin de conseguir unha maior axilidade e eficacia na xestión no seu ámbito territorial e funcional. Polo tanto, o reitor decidiu que o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa exercerá na súa ausencia a representación ordinaria da Universidade da Coruña no campus de Ferrol ante os poderes públicos e ante toda clase de persoas ou entidades públicas ou privadas. En ausencia do reitor presidirá os actos universitarios a que concorra no campus de Ferrol, sen prexuízo do que dispón a

normativa estatal e, se for o caso, a autonómica ou a propia da Universidade sobre precedencias. Tamén exercerá as competencias propias da relación universidade-empresa que incluíra a de asinar os documentos necesarios para o efecto, así como a coordinación e dirección dos servizos da súa competencia. Poderá realizar todo tipo de actos de xestión, de comunicación e de trámite en materias propias da relación universidade-empresa e corresponderalle en particular:

- A xestión de todos os centros tecnolóxicos da Universidade.
- A xestión dos programas de autoemprego, de orientación laboral, de emprendedores, de viveiro de empresas e de calquera outro programa dentro da área de universidade-empresa, que estea promovido ben pola Universidade, ben por calquera administración pública ou institución privada.
- O apoio e a promoción da capacitación para a inserción laboral do alumnado, así como a información e a orientación para a transición ao ámbito laboral.

Será competente para autorizar o gasto, dispor do gasto, recoñecer obrigas e propor pagamentos en execución dos orzamentos da Universidade nas materias delegadas.

Será competente para facer os seguimentos dos convenios asinados con outras administracións, con outras universidades nacionais ou estranxeiras ou con institucións públicas ou privadas en materias que afecten ao campus de Ferrol ou á área de relación Universidade-Empresa.

Coordinará cos demais vicerreitores/as os asuntos que afecten ao campus de Ferrol e á área de Relación Universidade-Empresa. Impulsará, dirixirá, coordinará e controlará a actividade dos servizos correspondentes á súa área xeográfica e á súa competencia, en coordinación cos demais vicerreitores/as, especialmente en materias obxecto de desconcentración, e sen prexuízo, de ser o caso, das competencias propias do xefe de persoal. En particular impulsará o desenvolvemento do campus de Ferrol en materia de titulacións, de investigación, de docencia, de xestión administrativa e de extensión universitaria e as infraestruturas do campus de Ferrol, sen prexuízo de que os actos executivos derivados da súa actuación correspondan ao reitor ou vicerreitor/a en quen delegar.

Delégase a sinatura de convenios con outras administracións, con outras universidades nacionais o estranxeiras ou con institucións públicas ou privadas en materias que afecten ao campus de Ferrol ou a área de Relación Universidade-Empresa, sempre que se axusten aos termos que estableza a normativa sobre convenios que aprobe a Universidade após o informe de legalidade, o informe económico e o informe de todas as áreas e servizos implicados, segundo o alcance das obrigas que asuma a Universidade.

Delégase a sinatura das solicitudes de proxectos PETRI (Proxectos Europeos de Transferencia de Resultados de Investigación), así como doutros proxectos de investigación europeos, estatais, autonómicos ou doutras administracións públicas ou privadas que sexan presentados polos membros do PDI ou do PAS, estudantes, bolseiros/as ou calquera outro persoal que desenvolva a súa actividade no campus de Ferrol, agás que proceda unha tramitación unificada.

No que se refire a cesamentos e nomeamentos, informa do nomeamento de D. Mauro Fernández Rodríguez como director do Centro de Linguas, de D. Fernando González Muñoz como director do Servizo de Publicacións e de D. Manuel Fernández Hermida como coordinador do Club Universitario, así como da asignación temporal a

D. Antonio Ventura Novás da dirección do Programa de Integración de Novas Tecnoloxías na Xestión Universitaria e a D. Jesús Manuel Salceda Sánchez da dirección de todos os servizos da área de informática. Tamén informa dos cesamentos de D. Antonio Ventura Novás nas tarefas de supervisión e coordinación de todos os servizos da área de informática, de D. Jesús Manuel Salceda Sánchez como colaborador do responsable nas funcións de coordinación das áreas de sistemas, comunicación e seguridade, e de D. Senén Fernández Hermida como coordinador de prácticas e do pañol do Club Universitario.

En asuntos xurídicos, a secretaria xeral informa da sentenza firme do 4 de maio de 2005, ditada pola sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia, mediante a que se estima o recurso de apelación interposto por D. Jesús Ríos Vicente e se desestima o recurso de apelación interposto por D. Alberto Hidalgo Tuñón e se revoga a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.2 da Coruña do 1 de decembro de 2004, pola que se estimou o recurso de D. Alberto Hidalgo contra o acordo da Comisión de Reclamacións da Universidade da Coruña do 31 de xullo de 2003 e as resolucións do reitor do 1 de agosto e do 26 de setembro de 2003, respecto da provisión dunha praza de catedrático na Área de Filosofía do Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación, perfil Historia da Filosofía Contemporánea, en que se decidiu a non provisión da praza. Tamén informa da sentenza firme do 4 de maio de 2005, ditada pola sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia, mediante a que se desestima o recurso de apelación interposto por esta universidade, que confirma a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.2 da Coruña do 30 de novembro de 2004, pola que se estimou o recurso de D.<sup>a</sup> Ana Luisa Iglesias Mateo contra a Resolución do reitor do 31 de maio de 2004, pola que se convoca concurso de méritos para a provisión de determinados postos de traballo correspondentes ao PAS da Universidade.

Por último, informa de que, consonte o disposto no artigo 7.3 do Regulamento interno do Consello de Goberno, se atopa na entrada o modelo de autorización para que a información sobre os temas que figuran na orde do día do Consello de Goberno sexa enviada unicamente por correo electrónico. Solicítalle aos membros do consello de goberno que o asinen e o entreguen. O que é a convocatoria propiamente dita seguirá sendo enviada por correo interno.

## **2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE ABRIL DE 2005**

**Apróbase** por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 29 de abril de 2005.

## **3. CONTRATOS E CONVENIOS**

A secretaria xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO II** desta acta.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

## **4. LICENZAS, PERMISOS E ANOS SABÁTICOS**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre as solicitudes de anos sabáticos de D. Pedro Serna Bermúdez, do departamento de Dereito Público Especial, e de D. Carlos Martínez-Buján Pérez, do Departamento de Dereito Público, que foron informadas favorablemente pola COAP na reunión do 25 de abril de 2005.

A concesión de anos sabáticos de D. Pedro Serna Bermúdez e de D. Carlos Martínez-Buján Pérez **apróbense** por asentimento.

## **5. REGULAMENTO DO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS**

O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación sinala que, consonte o disposto no artigo 106 dos Estatutos, a aprobación do regulamento de organización e funcionamento dos servizos universitarios correspóndelle ao Consello de Goberno. O regulamento agora vixente do servizo é de 1993, polo que procede substituílo. Ábrese un debate en que interveñen os señores Vidal Romaní, Soraluze Blond, Herrero López, González López, Casabella López, Casteleiro Maldonado, Faiña Medín, Fernández Cervantes e López Fernández, que propoñen emendas e melloras na redacción.

O Regulamento do servizo de publicacións, que aparece contido no **ANEXO III**, xa coas modificacións que suxeriron os membros do Consello, **apróbbase por asentimento**.

## **6. CONSTITUCIÓN E ELECCIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN DE PUBLICACIÓNS**

O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación sinala que, consonte o disposto no artigo 8 do Regulamento do Servizo de Publicacións, corresponde ao Consello de Goberno elixir os membros da Comisión de Publicacións. Logo de falar cos diversos grupos de opinión que están representados no Consello de Goberno, propoñen os seguintes:

- Carmen Pérez Pais – Humanidades
- Ana Bueno Palomino – Ciencias Sociais e Xurídicas
- Elvira Sauquillo – Ciencias Experimentais
- José Ramón Soraluze Blond – Ensino Técnico
- Rosa Mejjide Faílde – Ciencias da Saúde
- Plácido Lizancos Mora, representante dos consellos editoriais das revistas e series que edita a UDC
- Xosé Ramón Freixeiro Mato, representante dos consellos editoriais das revistas e series que edita a UDC
- Purificación Barbeito Morandeira, PAS
- Laura Castro Souto, estudante de terceiro ciclo

A proposta de constituír a Comisión de Publicacións e dos seus membros **apróbbase por asentimento**.

## **7. REGULAMENTO DE LIBRE ELECCIÓN**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a proposta de regulamento de libre elección. Ábrese un debate en que interveñen os señores Arcay Varela, Faíña Medín e López Fernández, que propoñen emendas e melloras na redacción.

O Regulamento de libre elección, que contén o **ANEXO IV**, xa con algunhas das modificacións que suxeriron os membros do Consello, **apróbase por asentimento**.

#### **8. OFERTA DE MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN PARA O CURSO 2005/2006**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a oferta de materias de libre elección.

**Apróbase por asentimento** a oferta de materias de libre elección para o curso 2005/2006 que se atopa no **ANEXO V**.

#### **9. REGULAMENTO PARA A ADMISIÓN E A PERMANENCIA DAS INICIATIVAS E EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA NO VIVEIRO DE EMPRESAS DA UDC**

O Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa informa sobre a proposta de regulamento para a admisión e permanencia das iniciativas e empresas de base tecnolóxica no viveiro de empresas da UDC e sobre as propostas de modificacións e suxestións de mellora que presentaron os diferentes grupos de opinión representados no Consello de Goberno cando xa se enviara a documentación do Consello. Sinala que o viveiro está aberto tanto a PDI, como a PAS e a estudantes porque pretende fomentar a cultura emprendedora e favorecer a transferencia dos coñecementos que se xeren e a presenza no proceso de innovación do sistema produtivo. Ábrese un debate en que interveñen os señores Arcay Varela, Casteleiro Maldonado, Faíña Medín e Casabella López, que propoñen emendas e melloras na redacción.

O regulamento para a admisión e permanencia das iniciativas e empresas de base tecnolóxica no viveiro de empresas da UDC, xa con algunhas das modificacións que suxeriron os membros do Consello, que se atopa no **ANEXO VI**, **apróbase por asentimento**.

#### **10. MODIFICACIÓN DA RPT**

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa sobre a proposta de modificación da RPT e indica que foi informada tanto pola Xunta de Persoal como polo Consello Social. Respecto da lista de prazas que foi enviada para informar, non se trae a este Consello nin a praza de auxiliar administrativo da EU de Relacións Laborais de Ferrol nin a de técnico superior do CUFIE: a primeira porque era un erro, a segunda porque estamos á espera do informe do Comité de Empresa. Propón someter a votación,



primeiro, a creación das prazas de auxiliar administrativo e de auxiliar de biblioteca, que se aproba por asentimento. Vótase a continuación a creación da praza de vicexerente do Campus de Ferrol e a modificación da actual vicexerencia. Votan a favor 25, en contra 2 e 1 abstención.

**Apróbanse** por maioría as modificacións.

## **11. CREACIÓN DE PRAZAS DE AXUDANTE**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a proposta de creación de prazas de axudante. Sinala que os criterios para a concesión destas prazas por excelencia investigadora foron elaborados pola Comisión de Investigación e pola COAP, nas reunións do 1 e do 25 de abril de 2005 respectivamente e publicáronse na web antes de coñecer as solicitudes. En resposta a unha intervención do Sr. Navarrina Martínez, o Reitor sinala que estas prazas inclúense no POD do departamento. En resposta a unha intervención do Sr. Arcay Varela, informa de que as prazas se convocarán proximamente.

A proposta de creación de prazas de axudante por excelencia investigadora, que está recollida no **ANEXO VII**, **apróbase por asentimento**.

## **12. REDUCIÓN DE OBRIGAS DOCENTES DOS DIRECTORES DE INSTITUTOS**

A secretaria xeral informa de que, consonte o disposto no artigo 87 dos Estatutos, que regula a exención ou a redución das obrigas docentes dos cargos académicos de reitor, vicerreitor, secretario xeral, director de centro e de departamento e demais cargos académicos de centro e departamento, “calquera outra situación especial que implique exención de obrigas docentes deberá ser decidida polo Consello de Goberno e non poderá superar un cuarto das horas lectivas”. Inclúense os directores de institutos universitarios de investigación nesta última categoría e proponse concederlles unha redución de obrigas docentes dun cuarto das horas lectivas. Os señores Casteleiro Maldonado e López Fernández interveñen para solicitar que se estude a posible redución de obrigas docentes para outros cargos.

A redución dun cuarto das horas lectivas aos directores de institutos universitarios de investigación **apróbase por asentimento**.

## **13. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑARÍA NAVAL E OCEÁNICA**

A secretaria xeral informa de que o Consello do Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica aprobou o proxecto de regulamento de réxime interno o 28 de abril de 2005, que foi sometido a informe da asesoría xurídica, que o emitiu favorable.

O regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica **apróbbase por asentimento.**

#### **14. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIONES**

O Sr. Rodríguez Gayán pregunta se xa foi asinado o convenio coa Xunta de Galicia para axudas a publicacións periódicas. A vicerreitora de Investigación contesta que a UDC xa o asinou e está pendente de que o asine a Xunta de Galicia. O vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación informa de que unha vez que estea asinado a UDC fará unha convocatoria para a concesión de axudas.

O Sr. Rodríguez Gayán tamén indica que o 31 de maio remataba o prazo para presentar as solicitudes para participar na Semana da Ciencia na Xunta de Galicia, pero que na UDC rematou o 20, sen que chegase o correo electrónico que advertía desta circunstancia, polo que solicita que no futuro o correo sexa enviado ao enderezo oficial e non ao persoal. Informa que a Xunta lle indicou que presentase, a pesar de todo, a solicitude, que sería considerada. A vicerreitora de Investigación contesta que o correo foi enviado á lista habitual e que a existencia dun prazo interno está prevista para seleccionar no caso de que haxa moitas peticións.

A Sra. López Fernández solicita que se adecenten as sinalizacións no Campus da Zapateira e se limpen os indicadores e as zonas de aparcamento. O Reitor contesta que a limpeza corresponde ao Concello, e que xa se fixeron e se seguirán facendo xestións para o acondicionamento dos viais. O Sr. Naveira Fachal pide que se renove o convenio co Concello.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.10 horas.